

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO 23 DE DECEMBRO DE 2016

LICENZAS

FAVORABLES.-

LAP/420/2016.- CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA S.A.- Conceder licenza para executar obras de construción de edificio provisional e actividade para o departamento de informativos no lugar de bando de Abaixo.

LAP/253/2016.- ILUNION LAVANDERIAS, S.A .- Conceder licenza para reforma e ampliación de nave existente dedicada a lavandería industrial en Vía Pasteur (de), 17.

LIC/417/2016.- XUNTA DE GALICIA – PRESIDENCIA TURISMO DE GALICIA.- Conceder licenza para a execución de mellora das edificacións e urbanización do centro de acollida sito no lugar Monte do Gozo.

LIC/758/2016.- RECAMBIOS TECMAGA, S. L.- Conceder licenza para executar as obras de construción dunha nave industrial sen uso determinado en rúa María de los Ángeles de la Gándara (Chocha B) (de) nº 18.

LIC/806/2016.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.- Conceder licenza para a instalación dun ascensor en edificio de vivendas sita en Avda. Rosalía de Castro (de) nº 160.

LIC/1698/2015.- LORENA GAMALLO PEREIRA.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para reforma de cuberta en vivenda unifamiliar sita en rúa Ponte Munín (da) nº 50, O Valado, O Eixo.

DENEGADAS.-

LIC/783/2016.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AVDA. CASTELAO Nº 6.- Denegar a licenza para executar as obras de rehabilitación de escaleiras exteriores de edificio de vivendas en Avda. de Castelao nº 6.

PARCELACION.-

LIC/822/2016.- DAVID IGLESIAS IGLESIAS.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder a licenza de segregación dunha parcela sita no lugar de Marrociños nº 32.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para executar obras de construción de edificio provisional e actividade para o departamento de informativos no lugar de Bando de Abaixo. LAP/420/2016. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para reforma e ampliación de nave existente dedicada a lavandería industrial en Vía Pasteur (de), 17. LAP/253/2016. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para a execución de mellora das edificacións e urbanización do centro de acollida sito no lugar Monte do Gozo. LIC/417/2016. Acórdase conceder á Xunta de Galicia licenza para realizar o proxecto básico de execución de mellora das edificacións e urbanización do Centro de Acollida do Monte do Gozo, cun orzamento de execución de 515.083,79 euros.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para executar as obras de construción dunha nave industrial sen uso determinado en rúa María de los Ángeles de la Gándara (Chocha B) (de) nº 18. LIC/758/2016. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para a instalación dun ascensor en edificio de vivendas sita en

Avda. Rosalía de Castro (de) nº 160. LIC/806/2016. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para reforma de cuberta en vivenda unifamiliar sita en rúa Ponte Munín (da) nº 50, O Valado, O Eixo. LIC/1698/2015. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á denegación da licenza para executar as obras de rehabilitación de escaleiras exteriores de edificio de vivendas en Avda. de Castelao nº 6. LIC/783/2016. Apróbase a proposta.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder a licenza de segregación dunha parcela sita no lugar de Marrociños nº 32. lic/822/2016. Apróbase a proposta.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á transmisión da licenza de taxi núm 63, da titularidade de "Herederos de María Otero García, C.B.", a favor de Ramón Serantes Bello. Apróbase a proposta.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do orzamento provisional correspondente ao ano 2017, para o servizo de transporte colectivo urbano. Apróbase a previsión orzamentaria do servizo de transporte para o exercicio 2017, tendo en conta que a mesma é susceptible de modificacións. O total do orzamento previsto é de 4.848.132,39 euros, dos que 4.657.041,63 euros corresponden ao transporte urbano, 181.090,76 euros ao transporte metropolitano, e 10.000 euros ás tarxetas de pensionistas.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á adxudicación do contrato de "Servizo para desenvolvemento do xeoportar/IDE do Concello de Santiago de Compostela". Adxudícase o contrato á empresa Nevintec Sistemas SL, por un importe de 30.250 euros, IVE incluído.

13.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á prórroga do contrato de aluguer do local nº 2 da rúa Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais de Recadación. Acórdase prorrogar o contrato de alugueiro polo prazo dun ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo mensual do alugueiro, que queda fixado en 744,15 euros, IVE incluído. O total do gasto será de 8.929,80 euros.

14.- Proposta da alcaldía relativa á prórroga do contrato de aluguer do local nº 3 da rúa Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais de Servizos Básicos. Acórdase prorrogar o contrato de alugueiro polo prazo dun ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo mensual do alugueiro, que queda fixado en 614,43 euros. O total do gasto será de 7.373,16 euros.

15.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á prórroga do contrato de aluguer do local nº 7 da rúa Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais de atención ao contribuínte. Acórdase prorrogar o contrato de alugueiro polo prazo dun ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo mensual do alugueiro, que queda fixado en 710,04 euros. O total do gasto será de 8.520,48 euros.

16.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á prórroga do contrato de aluguer do local nº 8 da rúa Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais de atención ao contribuínte. Acórdase prorrogar o contrato de alugueiro polo prazo dun ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo mensual do alugueiro, que queda fixado en 800,39 euros. O total do gasto será de 9.604,69 euros.

17.- Proposta da alcaldía relativa á prórroga do contrato de aluguer do local nº 9 da rúa Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais de Atención ao Cidadá. Acórdase prorrogar o contrato de alugueiro polo prazo dun ano a contar desde o 1 de xaneiro

de 2017 ata o 31 de decembro de 2017. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo mensual do alugueiro, que queda fixado en 719,41 euros. O gasto total será de 8.632,92.

18.- Proposta da alcaldía relativa á prórroga do contrato de aluguer do local nº 10 da rúa Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais de Rexistro Xeral. Acórdase prorrogar o contrato de alugueiro polo prazo dun ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo mensual do alugueiro, que queda fixado en 719,41 euros. O gasto total será de 8.632,92.

19.- Proposta da concelleira delegada substituta de Acción Cultural relativa á prórroga de aluguer dun local na rúa Torreira, nº 18, destinado a uso sociocultural no barrio de Romaño. Acórdase prorrogar o contrato de aluguer polo prazo de seis meses, a contar desde o 1 de xaneiro de 2017 ata o 30 de xuño de 2017. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo mensual do alugueiro, que queda fixado en 442,09 euros. O total do gasto será de 2.652,54 euros.

20.- Proposta da alcaldía relativa á resolución da convocatoria de residencias de creación artística e estadias técnicas para proxectos de artes escénicas 2017, do concello de Santiago. Apróbbase a resolución inicial da convocatoria de residencias de creación e estadias técnicas na sala Agustín Magán do CSC de Santa Marta, para proxectos de artes escénicas, coas seguintes compañías

_Pistacatro: do 9 ao 28 de xaneiro, co espectáculo "Outono"

_Excéntricas: do 30 de xaneiro ao 11 de febreiro, co espectáculo "A cabeza do dragón"

_Funboa Escénica: do 13 de febreiro ao 3 de marzo, co espectáculo "PANK"

_Cisma: do 27 de marzo ao 8 de abril, co espectáculo "Ausencia"

_Iván Marcos: do 5 ao 23 de xuño, co espectáculo "Praga"

_O monifate teatro: para o espectáculo "iMAXINación" (as datas solicitadas xa están ocupadas)

_A xanela do maxín: para o espectáculo "As aventuras de Gale" (as datas solicitadas xa están ocupadas)

21.- Recoñecemento de obrigas. Apróbbase a proposta

22.- Propostas da concelleira delegada de Deportes relativas á xustificación de diversos convenios. Apróbbase a proposta.

23.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación da transferencia ao Consorcio en execución da addenda ao convenio de colaboración co concello de Santiago, para a xestión do complexo deportivos "Fontes do Sar". Apróbbase a transferencia ao Consorcio, por un importe de 67.965,38 euros.

24.- Propostas relativas á xustificación de diversos convenios. Apróbbase a xustificación dos convenios con Numax (11.722,8 euros), Fundación Rosalía de Castro (3.821,94 euros), Asociación Cultural Musican ConToneSon (3.990,8 euros), Obradoiro de Cultura Tradicional Ulteira (3.500 euros), Asociación do Traxe Galego (3.729,37 euros), Museo do Pobo Galego (10.000 euros), Grupo de Baile e Música Tradicional Brincadeira (3.500 euros), Curso Universitario Internacional Música en Compostela (3.825 euros), Asociación Folclórica Colexiata de Sar (3.500 euros), e Ateneo de Santiago (5.000 euros).

25.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á aprobación de incidencias na xestión da convocatoria de bolsas de comedor, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares para o alumnado dos centros docentes públicos e concertados sostidos con fondos públicos de Educación Infantil (2º ciclo) e de Educación Primaria Obrigatoria para o curso 2016-2017. Apróbbase a proposta.

26.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á resolución de solicitudes de bolsas de comedor escolar e/ou actividades extraescolares por causas sobrevidas. Apróbbase a proposta.

27.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación da transferencia da 1ª achega (2016) por mor do establecido no convenio entre o concello de Santiago e diversos concellos e a entidade pública empresarial RED-ES para o desenvolvemento do programa de cidades intelixentes da axencia dixital para España. Apróbbase a transferencia da primeira achega (2016) por un importe de 99.999,90 euros, correspondente ao 50% do custo da iniciativa, dentro do prazo establecido de tres meses desde a sinatura do convenio.

28.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aceptación da subvención e da consideración de aula de referencia do plan de inclusión dixital de Galicia, pola axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia, anualidade 2017. Acórdase aceptar a subvención de 15.000 euros e o mantemento da condición de aula CeMit de referencia durante o ano 2017 da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, de acordo coa IV Addenda do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia para a modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital no eido da administración local. A subvención será para financiar parte dos custos totais da prórroga da contratación do Axente TIC para o ano 2017, tendo que satisfacer o Concello o resto dos custos (19.092,47 euros)

29.- Dar conta da aprobación das bases da convocatoria para a provisión do posto de dirección-xerencia do Auditorio de Galicia. Apróbase a proposta.

30.- Dar conta de sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Dase conta.

URXENCIAS

1.-Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa ao pago de bolsas de comedor correspondentes aos meses de setembro, outubro e novembro; e actividades extraescolares dos meses de outubro e novembro de 2016. Apróbase o pago de bolsas de comedor nas dúas modalidades de carencia de recursos e conciliación da vida persoal, laboral e familiar, por un importe total de 79.619,76 euros. Apróbase tamén o pago de actividades extraescolares, por un importe total de 10.583,96 euros.

2.-Levantamento de reparo. Acórdase resolver a discrepancia e reparo e levantar o procedemento de suspensión o recoñecemento da obriga de 34.775,66 euros coa empresa Francisco Gómez y CIA SL, pola execución das obras de acondicionamento e mellora das pistas municipais nas parroquias de Santa Cristina de Fecha, San Xoán de Fecha e outras.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao pago á Xunta de Galicia da achega que lle corresponde ao Concello en virtude do convenio para a execución das obras de reurbanización da rúa Carreira do Conde. Acórdase pagarlle á Xunta de Galicia a achega de 105.767,19 euros que lle corresponde ao Concello en virtude do convenio para a execución das obras de reurbanización da rúa Carreira do Conde, que tiveron un custo total de 524.316,35 euros.